

PREMIO 'SOMOS ESENCIAIS'

A iniciativa

O *Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia*, en colaboración con *Gadis*, puxo en marcha en 2021 o '**Premio Somos Esencias**' co obxectivo de facer un recoñecemento do labor dos e das profesionais da comunicación. Trátase dun certame que premia a información social como vehículo condutor entre o que pasa na sociedade e a cidadanía, dando voz aos problemas dos axentes sociais e aos efectos que causan.

A esta convocatoria poden concorrer os traballos de todos os e as xornalistas e fotoxornalistas que publicaron información social en Galicia no último ano.

1. O certame

O Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia e Gadis queren manter viva a importancia do labor que os e as xornalistas realizaron e realizan, polo que convocan esta nova edición, baixo o lema '*A información ao servizo da xente*', na que se quere premiar o mellor traballo informativo de temática social.

2. As candidaturas e condicións dos traballos

- 2.1. Poderán concorrer a este premio todos e todas as xornalistas e fotoxornalistas que publicaran traballos de carácter social en Galicia.
- 2.2. A presentación poderá realizala o propio autor ou autora, ou ser unha proposta do xurado.
- 2.3. Os traballos poden ser individuais ou colectivos.
- 2.4. Poderase presentar calquera traballo xornalístico, en calquera formato ou plataforma profesional, publicado ou emitido durante o ano 2025.
- 2.5. Cada proposta deberá ir identificada coa autoría, data de publicación e medio.
- 2.6. Poderase presentar un único traballo ou un grupo de traballos que formen parte dunha mesma serie.
- 2.7. Non se aceptarán traballos premiados noutros certames.



COLEXIO
PROFESIONAL
DE XORNALISTAS
DE GALICIA

3. Prazos e forma de presentación


- 3.1. O prazo de presentación de candidaturas remata ás 14.00 horas do luns 1 de xuño de 2026.
- 3.2. As propostas teranse que enviar antes desa data ao correo electrónico do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia: xornalistas@xornalistas.gal.
- 3.3. Deberase presentar a ficha anexa a estas bases cuberta polo candidato ou candidata, ademais do traballo, que será:
 - 3.3.1. En pdf para prensa escrita ou dixital.
 - 3.3.2. En formato de imaxe para os traballos de fotoxornalismo.
 - 3.3.3. Como arquivo de audio e vídeo no caso de pezas audiovisuais.
 - 3.3.4. Sempre que se poida, referenciarase cunha ligazón ao medio ou medios web onde se poida localizar o traballo.
- 3.4. Só se aceptarán as propostas que entren dentro do prazo de recepción.

4. Dotación do premio

- 4.1. Haberá un único premio de 2.000 €.
- 4.2. De acordo coa normativa vixente, a entrega do premio constitúe un rendemento suxeito ao Imposto sobre a Renda de Persoas Físicas (IRPF), da persoa perceptora ou perceptores, sometido á correspondente obriga de retención a conta de dito imposto por parte do pagador
- 4.3. O xurado fará mencións especiais aos traballos que considere oportunos, que recibirán un diploma acreditativo.
- 4.4. O premio non poderá quedar deserto.



5. O xurado

- 5.1. O xurado estará composto por membros da Xunta de Goberno do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, xornalistas e representantes de Gadis.
- 5.2. Valorarase a calidade dos traballos en canto á súa rigorosidade e o seu carácter de servizo público.
- 5.3. O xurado resolverá todas aquelas cuestións que non queden contempladas nestas bases.



6. Outras normas

- 6.1. O Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia resérvase o dereito á reprodución, total ou parcial, dos traballos gañadores. Isto non xerará un dereito de contraprestación económica a favor do autor ou autores, pero en todo momento o traballo quedará identificado coa autoría e medio publicado.
- 6.2. A participación na presente convocatoria implica a aceptación, por parte de cada participante, das presentes bases.



COLEXIO
PROFESIONAL
DE XORNALISTAS
DE GALICIA

ANEXO

PREMIO SOMOS ESENCIAIS		
FORMULARIO DE PARTICIPACIÓN		
<i>Título</i>		
<i>Autor/a</i>		
<i>Medio</i>		
<i>Data de publicación ou emisión</i>		
<i>Ligazón</i>		
<i>Datos de contacto</i>	Correo electrónico:	Teléfono: